

RESOLUCIÓN REITORAL DO 3 DE XULLO DE 2024 POLA QUE SE CONVOCA O CONCURSO DE INTERVENCIÓN ARTÍSTICA CAMPUS AUGA-2024

O artigo 105 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos desta Universidade (DOG do 22 de febreiro) establece que a Universidade desenvolverá actividades de extensión universitaria, dirixidas a todos os membros da comunidade universitaria coa intención de promover prácticas culturais e artísticas e de dar visibilidade á creatividade da nosa comunidade universitaria. Seguindo o compromiso da Vicerreitoría do Campus de Ourense no eido da arte contemporánea, e co obxecto de pór en valor os espazos do Campus de Ourense, ao tempo que se amosan á cidadanía novas linguaxes creadoras, e en virtude das facultades outorgadas pola Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e os Estatutos da Universidade de Vigo, esta reitoría

RESOLVE:

1. Convocar o Concurso de Intervención Artística-Campus Auga 2024.
2. Ordenar a publicación da presente convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Por delegación (R.R. 30/5/2024; D.O.G. 10/6)

O Vicerreitor do campus de Ourense
Francisco Javier Rodríguez Rajo

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DO CONCURSO DE INTERVENCIÓN ARTÍSTICA-CAMPUS AUGA 2024

A participación na presente convocatoria supón a aceptación das bases, que poderán ser interpretadas polo xurado e a Vicerreitoría do campus de Ourense naqueles aspectos non previstos nas mesmas.

Á presente convocatoria seránlle de aplicación a Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, os Estatutos da Universidade de Vigo, a lexislación da comunidade autónoma de Galicia en materia de subvencións e demais normas concordantes, así como o disposto nas bases desta convocatoria.

Atendendo á Lei da Propiedade Intelectual, o proxecto creado produto desta convocatoria será propiedade da persoa ou persoas que acaden o premio, e quedará garantido o cumprimento da lexislación vixente referente aos dereitos de autor. Porén, o feito de aceptar o premio implica a realización do proxecto no prazo previsto e a autorización a Universidade de Vigo para a reprodución e difusión dos proxectos seleccionados, así como das obras ou produtos que se xeren no desenvolvemento. A Universidade de Vigo, unha vez finalizado o proceso de selección, realizará as accións de difusión que considere oportunas dos proxectos seleccionados e do seu desenvolvemento.

A persoa participante responsabilizarase en todo caso de calquera reclamación relacionada coa vulneración dos dereitos de imaxe, protección de datos, honor e intimidade de terceiros.

A organización reservase o dereito de excluír aquelas propostas que se poidan considerar ofensivas ou que atenten contra a legalidade.

Primeira.-Requisitos de participación

Pode participar calquera persoa maior de idade, de xeito individual ou en grupo.

Cada participante presentará unha única obra orixinal que non fose galardoada en ningún outro concurso.

A intervención artística a realizar ubicarase sobre unha parede lateral do edificio do Campus Auga, cunhas medidas aproximadas de 9,80 por 15,5 metros (lonxitude x altura). En culturavicou@uvigo.gal pode solicitarse o envío dunha fotografía da mesma.

A técnica utilizada será libre, valorándose por parte do xurado os seguintes aspectos: a conexión co entorno no que se plasmará o traballo, a interacción co edificio do que formará parte e a utilización de materiais que contribúan á sustentabilidade medioambiental.

Aceptarase calquera tipo de técnica ou manifestación artística (graffiti, pintura mural, intervención escultórica, etc.).

Segunda.- Prazo de presentación de traballos e documentación

O prazo de presentación dos traballos é dende o 4 de xullo de 2024 ás 00:00 horas ata o 30 de setembro de 2024, ás 23:59 horas (hora peninsular española). A presentación fóra de prazo supón a non admisión a trámite da solicitude.

De seguido detállanse os pasos a seguir para participar no concurso:

1. A persoa autora da obra ou a persoa que representa ao grupo de traballo cumprimentará o [formulario de participación](#) a través da secretaría virtual da Universidade de Vigo.

Este formulario inclúe a declaración responsable de cumprir, entre outras, as seguintes condicións:

- Que todos os datos da solicitude e documentos achegados para a esta convocatoria son certos e se compromete a achegar os documentos que así o acrediten.
 - Que está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
 - Que non ten débedas coa Universidade de Vigo pendentes de pagamento, nin é debedora por resolución de procedencia de reintegro.
 - Que a proposta é orixinal, e non foi galardeada e ningún outro concurso
 - Que se a obra é premiada cédense á Universidade de Vigo os dereitos de difusión e/ou exhibición, reprodución ou publicación da imaxe ou contido da mesma, en calquera das súas publicacións así como para a súa exposición en algunha mostra, facendo sempre mención ao nome da/s persoa/s autora/s da obra.
 - Que coñece e entende todos os termos da convocatoria, onde se expresa, tamén, que a ocultación ou falsidade de documentos leva consigo a perda de todo dereito para presentarse a esta convocatoria.
2. Unha vez cumprimentado, premerá no botón "Imprimir PDF" do formulario, descargarán e asinarán con certificado dixital. Este será o documento que presentará na sede electrónica, segundo as indicacións do seguinte paso.
 3. Dentro do prazo de solicitudes, accederá á sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>), elixindo o procedemento "Concurso de Intervención Artística Campus Auga 2024". Despois de ler a información deberá premer no botón "INICIAR TRAMITACIÓN". No campo "Documentación" engadirase o documento PDF xerado no paso 2. De seguido, premerá en "enviar solicitude".

4. O "xustificante de presentación en sede" xerado inclúe a ligazón e o contrasinal de acceso que se precisará para cargar a obra que se presenta ao concurso.

O arquivo da obra ou traballo debe **nomearse co número de xustificante de presentación** e constará dun dossier en formato .pdf cun tamaño máximo de 15 MB, que conteña a seguinte documentación:

- reprodución dixital da obra e, se é posible, simulación da mesma no espazo destinado ao concurso
- ficha técnica completa da obra: título e materiais a utilizar coas cantidades, se fose o caso, aproximadas e necesarias para a súa elaboración
- texto breve explicativo da obra
- breve currículo (opcional): non máis de 15 liñas e un máximo de 5 fotografías doutros traballos. Non incluírá datos persoais identificativos

Non se admitirán a trámite as solicitudes presentadas por outras vías.

De conformidade co previsto no artigo 68 da Lei 39/15, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, de advertirse defectos formais ou omisión na solicitude ou na información que debe acompañala, comunicárase á persoa solicitante, que disporá de 10 días hábiles para emendar a falta ou acompañar os preceptivos documentos, facéndose constar que si así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición, arquivándose a mesma, previa resolución ao efecto, de acordo co artigo 68 da citada Lei.

Para os efectos de información e consultas, as persoas interesadas poden dirixirse por correo electrónico a culturavicou@uvigo.gal e por teléfono ao número 988387219.

Terceira.- Proceso de resolución

O xurado será nomeado pola Vicerreitoría do Campus de Ourense, e a súa composición publicarase no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo. O xurado avaliará os traballos presentados e fará a proposta ao reitor, quen publicará a resolución definitiva de adxudicación.

A resolución final co fallo publicitarase na sede electrónica da Universidade de Vigo, así como no apartado Convocatorias do portal da Universidade: [Concurso intervención artística Campus Auga 2024](#)

A decisión do xurado será inapelable. O xurado resérvase o dereito de declarar deserto o premio, segundo a calidade das propostas presentadas.

O xurado poderá outorgar accésits sin contía económica se a calidade dos traballos presentados así o aconsellan.

A entrega de premios terá lugar no ano 2024.

Os fondos destinados a estes premios irán con cargo á aplicación orzamentaria 2024 OUR1 211ECUL 22699, destinándose a este fin a cantidade total 5.000 euros.

Cuarta. Contía dos premios

Establécese un único premio de 5.000 euros para a persoa ou persoas gañadoras, que se fará efectivo trala reprodución da proposta no espazo indicado e segundo o recollido na ficha técnica aportada. Ao importe dos premios aplicaráselle a retención fiscal legalmente establecida.

A Vicerreitoría do campus de Ourense facilitará os materiais e as estruturas necesarias para levar á cabo o traballo, segundo o que figura na memoria presentada pola persoa gañadora.

O prazo de realización efectiva do traballo, requisito indispensable para a percepción do premio, remata o **30 de novembro de 2024**.

Quinta.- Revogación dos premios

A concesión do premio poderá ser revogada polos seguintes motivos e de ser o caso, suporá o reintegro por parte dos premiados das cantidades incorrectamente percibidas:

- A ocultación ou falseamento de datos, ou a alteración de calquera información solicitada.
- O incumprimento das obrigas especificadas nesta convocatoria.

Sexta.- Tratamento de datos persoais

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXPDP") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa

finalidade de xestionar o concurso de intervención artística amparado por esta convocatoria.

Conforme o disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Universidade de Vigo está lexitimada para a publicación daqueles datos persoais que fosen precisos atendendo á natureza e finalidade do acto que sexa obxecto de publicación. Non obstante, e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.gal.

Estes datos trátaranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

As persoas interesadas teñen dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Os citados dereitos poderán exercelos a través da sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/> (preferentemente a través do procedemento específico SXER – Exercicio dereitos sobre protección de datos) ou mediante solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo e presentada ante as Oficinas de Asistencia en Materia de Rexistro da Universidade de Vigo ou calquera dos rexistros ou oficina de correos indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

Igualmente poderán dirixir dita solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos da Universidade de Vigo, ao enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal

Así mesmo, se a súa solicitude non é atendida pola Universidade de Vigo, teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).